

ORDENANZA 3.28
TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á
CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO PAZO DE RAXOI

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local e, de conformidade cos artigos 15 a 19, así como os artigos 20 punto 4 e 58, todos eles da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das facenda locais, modificados pola lei 25/98 de 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, este Concello establece a "Taxa pola prestación de servicios municipais asociados a celebración de matrimonios civís no Pazo de Raxoi", que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe feito imponible a prestación dos servicios derivada do conxunto de actuacións realizadas co gallo da celebración de matrimonios civís no Pazo de Raxoi, que conleva, a organización do acto polos servicios Municipais de Relacións Públicas do Concello.

Non se entenderá realizado o feito imponible da tasa e polo tanto non se devengará o tributo pola tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin tampouco pola expedición do libro de familia.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

E suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servicio entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servicio.

Artigo 4º. Devengo

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuir, no momento da presentación da solicitude nas oficinas do Concello. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e ésta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente.

Artigo 5º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago da taxa nesta Ordenanza os beneficiarios/as do servicio, entendéndose por tales os/as contraentes.

Artigo 6º. Contía

A cota tributaria, que se abonará no momento da solicitude, será polo importe de 92,80 euros.

Artigo 7º. Normas de xestión

Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas Entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día dezoito de novembro de dous mil tres. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil catro, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

